ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
FC26244

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Coñecemento e manexo práctico da plataforma Xeaga

CONVOCATORIA: AUTONOMICO, 2ª convocatoria

GRUPO: Consellería de Medio Rural

ÁREA: Consellería de Medio Rural

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	F. FINALISTAS	**HORAS:**	50
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	**ESTADO:**	ANULADO	**ANO:**	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	ESPECÍFICO	**EDICIÓNS:**	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso enmárcase dentro da formación continua do persoal técnico da administración autonómica con competencias en asesoramento ao sector primario, co obxectivo de actualizar coñecementos normativos, técnicos e metodolóxicos necesarios para o correcto exercicio das funcións de apoio ás explotacións agrarias galegas.

De forma específica preténdese:

- Reforzar o coñecemento dos modelos actuais de asesoramento agrario no marco europeo, estatal e autonómico.

- Potenciar o papel do persoal técnico público.

- Preparar ao persoal para a aplicación práctica das novidades da PAC 2026 e da condicionalidade reforzada.

- Mellorar as competencias en materia de xestión da terra e contratación rústica.

- Analizar o contexto estratéxico futuro da política agraria europea.

- Incorporar ferramentas dixitais e innovacións aplicables ao asesoramento técnico das explotacións.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional, que desenvolva funcións relacionadas coa atención ao sector agrario e rural, en particular:

- Persoal técnico das oficinas rurais.

- Persoal dos servizos provinciais con competencias en PAC, desenvolvemento rural e xestión de explotacións.

- Persoal adscrito a unidades administrativas con funcións de asesoramento técnico agrario.

- Persoal vinculado a programas de apoio á modernización, incorporación de persoas mozas e sustentabilidade das explotacións.

PROGRAMA
Módulo 1 - Normativa reguladora do CUE, REA e SIEX: 5 h Módulo 2 - Utilidades do módulo de Xestión de Explotacións Agrícolas en Xeaga e selección de roles: 5 h Módulo 3 - Datos e elementos da explotación necesarios para a levanza do CUE, revisión e actualización: 5 h Módulo 4 - Xestión de DGC, UHC e almacén de produtos: 5 h Módulo 5 - Xestión do CUE e tipos de actuacións: 5h Módulo 6 - Casos prácticos de rexistro de actuacións I: 5 h Módulo 7 - Casos prácticos de rexistro de actuacións II: 5 h Módulo 8 - Casos prácticos de rexistro de actuacións III: 3 h Módulo 9 - Xeración do caderno de explotación e análise de datos: 2 h Módulo 10 - Outras utilidades do módulo de Xestión de Explotacións Agrícolas (calendario, sistema de alertas, etc): 5 h Módulo 11- Utilidades do módulo do Banco de Explotacións Agrarias e tramitacións asociadas: 5 h
CRITERIOS DE SELECCIÓN
A selección realizarase de acordo cos criterios xerais establecidos pola EGAP, priorizando: 1. Persoal técnico adscrito a oficinas rurais con atención directa ao sector agrario. 2. Persoal con funcións directas en tramitación e asesoramento PAC. 3. Persoal con responsabilidades en programas de desenvolvemento rural e modernización de explotacións. 4. Antigüidade no posto vinculado ao contido do curso. 5. Equilibrio territorial entre provincias e zonas rurais.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 01/09/2026 a 29/09/2026
NUM. PRAZAS: 30	**ESTADO:** NORMAL	**DATA EXAME:** 29/09/2026 ás 13:30h
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		